

1998 · 20 · 2018

Oemach atlántico

27, 28 e 29 de xullo
Sedes - Narón

Festa Catalogada de Interese
Turístico de Galicia



NARÓN

Padroado da Cultura



Concello de Narón



XUNTA DE GALICIA
Axencia de Turismo de Galicia

galicia



Asociación de Veciños
ROSA DOS VENTOS
Sedes - Narón

//ABANCA



20 ANOS FACENDO HISTORIA

O Oenach é un evento multidimensional con base etnográfica e antropolóxico-cultural que busca recrear as raíces da cultura e os modos de vida rurais a partir da cultura castrexa. O festival ten lugar arredor da reconstrución dun grupo de pallozas no cal, durante tres intensas xornadas, se recrea a vida cotiá dunha aldea castrexa, e onde se realizan tamén diversas tarefas cos obxectos da época. Isto dá lugar á celebración dunha feira de artesanía galega e dunha feira rural con produtos do campo e mercado aberto.

Pero, ademais, Oenach Atlántico inclúe diversas actividades entre as que destacamos o prendido do lume, espectáculos musicais, obradoiros, teatro ou degustación gastronómica de Porco Celta.

Este evento, que naceu hai xa vinte anos, actúa como un dinamizador esencial da veciñanza de Sedes, lugar onde se sitúa este festival que nace arredor dunha localización singular: A Feira do Trece, un espazo de encontro e de comercio que tivo o seu apoxeo na segunda metade do século XX.

UN PROXECTO SINGULAR

O Oenach Atlántico é unha das festas con maior percorrido para a difusión e promoción da cultura celta que temos en Galicia. A paixón e implicación dos veciños e veciñas da parroquia de Sedes durante estes 20 anos lograron asentarse un proxecto que asumiu o reto de consolidarse coma un proxecto maduro.

Para festexar esta data tan importante, o Concello de Narón aposta por unha proposta organizativa cunha programación moi diversa, de calidade e para todos os públicos, centrada no motivo obxectivo do evento. Por esta razón, tanto a selección artística como a estética son dúas das liñas principais do traballo deste 20 aniversario, no que a música, o teatro, a artesanía, ou a gastronomía intentarán achegar ao público uns contidos culturais á altura dunha festa de Interese Turístico de Galicia.



OS ESPAZOS

.#1. A campa

#2. Zona de xantar

#3. Zona de artesanía

#4. Actividades infantís

#5. Escenario concertos



HORARIOS

PROGRAMACIÓN VENRES 27

22:15h

Acendido do lume

22:30h

Cía. Pablo Méndez

23:00h

Concerto Dubidá Trio

24:00h

Concerto Cristian Silva

HORARIOS

PROGRAMACIÓN SÁBADO 28

11.00 a 14.00h

Espazo de xogos

Obradoiros de arqueoloxía experimental

Animación musical co Cuarteto Rinchón

Espectáculo infantil con Raquel Queizás

Animación musical co Cuarteto Rinchón

Animación teatral coa cía. Pablo Méndez

Concerto: sesión vermú con Lenda Ártabra

11:30h

12:00h

12:00h

13:00h

13:30h

16.00 a 19.00h

Espazo de xogos

Obradoiros de Arqueoloxía experimental

Animación musical co Cuarteto Rinchón

Concerto infantil – María Fumaça

Animación teatral coa cía. Pablo Méndez

16:00h

17:00h

18:00h

22:30h

A NOITE NO CASTRO

HORARIOS

PROGRAMACIÓN DOMINGO 29

11.00 a 14.00h

Recreación teatral na campa

Espazo de xogos

11:30h

Obradoiros de arqueoloxía experimental

11:30h

Animación musical co Cuarteto Rinchón

12:00h

Actuación infantil con Tanxarina "Trogloditas"

13:00h

Teatro na campa (teatro comunitario)

16.00 a 19.00h

Espazo de xogos

Animación musical co Cuarteto Rinchón

Obradoiros de arqueoloxía experimental

Xogos Paporrubio

Actuación infantil con Tanxarina "Trogloditas"

Actuación infantil con Tanxarina "Trogloditas"

Animación musical co Cuarteto Rinchón

Concerto clausura con "Mayalde"

11:30h

16:30h

17:00h

18:15h

18:00h

19:00h



A NOITE NO CASTRO

SÁBADO 28 ÁS 22:30

TEATRO COMUNITARIO DE SEDES

Un dos momentos máis esperados do Oenach Atlántico, son as recreacións teatrais que fan os veciños sobre a vida cotiá nos castros.

Ao igual que nas anteriores edicións, poderemos gozar da posta en escena por parte do teatro comunitario de Sedes de dúas pezas escénicas.

Nesta edición, na tradicional "Noite no castro", farase unha representación de temática fantástica, situada na época castrexa. Este pobo poñerá sobre o escenario temas atemporais para reflexionar sobre a nosa sociedade e a súa relación co medio ambiente na actualidade.

Cada edición, veciñas e veciños de Sedes elaboran un texto que representan no Oenach e traballan durante todo o ano coa dirección e axuda do actor Pepablo Patinho, integrante da compañía Ghazafelhos .

AS RECREACIÓNS TEATRAIS NA CAMPA

DOMINGO 29 ÁS 13:00

TEATRO COMUNITARIO DE SEDES

Este ano interpretarase a obra "Agripa". Trátase dun texto escrito por Juan Padín no que se relata un levantamento dos castrexos e castrexas contra o xeneral Agripa cando este se dispoñía a cobrar os tributos nun Oenach en terras ártabras. Co motivo do 20 aniversario, decidiuse volver a facer esta obra, unha das mais representativas do Oenach Atlántico.



PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA





CÍA. PABLO MÉNDEZ - "DOLMEN"

"Dolmen" é un espectáculo inspirado na mitoloxía celta. Está composto por 6 artistas: un druída, dúas guerreiras, unha aguia, un centauro e un guerreiro. Leva ademais unha carruaxe cunha marmita xigante na que o druída prepara as súas apócemas (fume e frascos de cores) Para o acendido do lume o druída pronuncia un conxuro coa marmita e reparte a súa apócema máxica aos demais persoeiros, que van realizando o seu número de malabares a medida que o druída invoca o lume. O espectáculo culmina co acendido da fogueira.



DUBIDÁ TRÍO

Dubidá trío é un grupo composto por un dúo de acordeóns (Alberte Núñez e Álex Fende) e un percusionista (Beni Frecha). A súa música, de raíz tradicional, trae unha proposta de revisión do repertorio de formacións galegas de ambos os dous lados do Atlántico da primeira metade do século XX: os irmás Moreiras, Pazos de Merexo, os trinta de Trives, o Quinteto Monterrei.....levándoo á sonoridade dos acordeóns.

A súa proposta musical e escénica procura a participación do público e, sobre todo, convida ao baile.



CRISTIAN SILVA

Cristian Silva é un músico polifacético con dominio en varios estilos e diversos instrumentos de todo tipo: vento, percusión, corda, tecla... Posúe unha ducia de primeiros premios en concursos de música tradicional, destacando o Premio Gaiteiro de Soutelo 2011. Podemos atopalo en diversas publicacións e gravacións discográficas. Ten colaboracións con artistas como Óscar Ibáñez, Hevia, Susana Seivane, Carlos Núñez, Davide Salvado, Xosé Manuel Piñeiro ou Lis Pardo, entre outros. En decembro de 2015 presenta "EGO", o seu primeiro disco en solitario.

Producido ao completo polo propio músico, Ego ten influencias de rock, flamenco e música electrónica onde, dende un prisma persoal, Silva toca o medio cento de instrumentos que se poden escoitar ao longo dun disco.

A curtametraxe de animación do seu primeiro sinxelo "A insignificante historia do home astronómico" foi seleccionada nos XIV Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual, e finalista en diversos certames, como o XXI Festival de Cine de Zaragoza.

En 2017 presenta unha colección de 20 pezas para gaita galega compostas por el, chamada Manual Ególatra Básico.



CUARTETO RINCHÓN

Un cuarteto de raíz tradicional que trae unha proposta de revisión do repertorio de formacións galegas de ambos os dous lados do Atlántico da primeira metade do século XX: os irmáns Moreira, Pazos de Merexo, os Trinta de Trives, o Quintento Monterrei... salientando a versatilidade sonora neste repertorio dos acordeóns e incluíndo novas propostas rítmicas dentro do cóctel musical que ofrecen a todos os oídos que se lles crucen por diante.



LENDA ÁRTABRA

Este grupo folk xunta varios músicos que chegan doutras formacións para iniciar un novo proxecto que marcará a diferenza coas outras bandas da cidade. Cun coidado especial na composición e na recollida das letras das cancións, unhas liñas melódicas marcadas polos sons tradicionais e unha mestura de estilos fan que o repertorio musical de Lenda Ártabra nos inicie nunha viaxe dende o eido tradicional ata os novos ritmos.



MARÍA FUMAÇA - "AIRE"

María Fumaça é un proxecto musical de celebración da vida. Ducas de artistas cantando a alegría de vivir. Uxía, Sérgio Tannus, Magín Blanco, Tanxarina, Carlos Blanco, Rui, a familia Domínguez Senlle e moitas amigas e amigos viaxan nun espectáculo cheo de música e sorpresas. Este aclamado grupo dedicado ao público infantil acaba de sacar o seu novo e agardado traballo 'Aire'.



TANXARINA - "TROGLODITAS"

Tres trogloditas convidannos a entrar no primeiro teatro da prehistoria: a cova. onde imos asistir a un cómico espectáculo cheo de humor e tolería. Da man dos monicreques e das súas primitivas habilidades imos coñecer a singular forma de vida dos nosos antepasados máis divertidos. Unha sorprendente ambientación, a orixinal linguaxe e unha prehistórica escenografía farán que o espectador perda durante a representación o sentido do tempo e do aburrimiento..



MAYALDE

Mayalde é un grupo de música tradicional salmantino dedicado ao rescate, divulgación e popularización dos ritmos musicais que se transmiten de xeración en xeración por vía oral. O grupo nace no 1980 co obxectivo de recuperar as historias dos maiores e dalas a coñecer a través da súa música. Os seus espectáculos teñen moito de posta en escena e empregan para producir os seus ritmos, para facer música calquera obxecto cotiá, dende culleres a ouriñais pasando polos útiles propios do campo.



RAQUEL QUEIZÁS "O ECO DA PEDRAS"

Existiu hai moito tempo, en Galicia, unha aldea chamada Veromundo, estaba chea de lendas que se escondían nas covas e mámoas de pedra. Este lugar desapareceu co paso do tempo, ninguén se lembra xa do seu nome, pero, de cando en vez, sen previo aviso "aparece" diante dos nosos ollos unha cova de Veromundo, na que habita unha moura, unha sabia, unha encantada que conta o que non está escrito empregando para iso os petróglifos que rodean a súa morada.



CÍA. PAPORRUBIO

"Os xogos do Paporrubio" é un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria que nos dan a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna. O noso paporrubio, calzado cuns zoquiños, guía a nenos e maiores por unha eira chea de xogos. Os participantes nesta aventura terán que ir descubriendo como se xoga a algúns dos xogos, mentres que se sorprenderán noutros deles grazas ás pequenas historias contadas e cantadas polos animais e habitantes da granxa, elaborados con xoguetes, marionetas e xigantes.



ESPAZO DE XOGOS "TERRA" DE XOGOS MIUDIÑO

O espazo de xogos "Terra" é un conxunto de brinquedos tradicionais feitos con material natural non estruturado. Un amplo espazo para que cativas e cativos xoguen e socialicen.

PROPOSTAS OBRADOIROS



Os membros de Árbore son arqueólogos con especialidade en Prehistoria. Contan cunha dilatada experiencia profesional en diferentes eidos, vencellados a proxectos de investigación, ao mundo da arqueoloxía de campo e á divulgación e didáctica, tendo en común o paso pola USC, o INCIPIT-CSIC e o Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, así como experiencia en España, Portugal e Irlanda.

Os seus intereses son moi amplos, e van dende o pasado remoto aos oficios e tradicións do século pasado, factor que tentan reflectir nas súas actividades, cun alto grao de transversalidade.

COUSAS DE MOER, COUSAS DE COMER

Este obradoiro ten como obxectivo principal achegar a agricultura da Idade do Ferro e época romana en Galicia aos máis cativos dun xeito lúdico e participativo.

A dinámica tratará sobre os distintos aspectos da agricultura: cultivos, ferramentas... prestando especial atención ao relacionado coa moenda, e os distintos cereais ou froitos que se poden utilizar.

LUME!

O lume é unha das maiores descubertas da humanidade, tanto que marcou para sempre diferentes aspectos na nosa vida cotiá e da nosa tecnoloxía. Coa axuda de exhibicións e o apoio dos monitores amosaremos aos participantes diferentes xeitos de acendelo, facendo un percorrido transversal pola Prehistoria e o mundo romano

NÓS CELTAS

A decoración celta é moi característica, singular e posúe un elevado sentido estético.

Coa axuda dos/as monitores/as as participantes poderán realizar e levar de recordo un colgante ou pulseira de corda ou coiro, trenzado cun destes motivos, para que luzan como verdadeiros celtas.